



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

OUTES

Elección Xuíz de Paz

BANDO DA ALCALDÍA

D. MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ, Alcalde-Presidente deste Concello, FAGO SABER:

Que no mes de novembro de 2023 quedou **vacante o cargo de Xuíz de Paz titular** deste Municipio.

Que **corresponde ao Pleno do Concello elixir a persoa para ser nomeada Xuíz de Paz titular deste Municipio**, de conformidade ao que dispoñen os artigos 101 e 102 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 4 e 5.1 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

Que **se abre un prazo de 15 días hábiles para que as persoas que estean interesadas, e reúnan as condicións legais solicíteno por escrito dirixido a esta Alcaldía.**

As solicitudes presentaranse no Rexistro de entrada deste Concello ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O modelo de instancia atópase a disposición dos interesados nas dependencias municipais da Corporación onde poderán ser presentadas dentro do prazo establecido.

Que na Secretaría do Concello pode ser examinado o expediente e solicitar a información que se precise en canto a requisitos, duración do cargo, remuneración, etc.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<https://outes.sedelectronica.gal/info.0>].

Que en caso de non presentarse solicitudes, o Pleno da Corporación elixirá libremente, de acordo co previsto no artigo 101.1 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e o artigo 4 e 6 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, comunicando o Acordo ao Xulgado de Primeira Instancia do partido.

O que se publica para xeral coñecemento.

Outes, 5 de febreiro de 2024

O Alcalde,

Asdo. Manuel González López

2024/864